



Os grupos municipais do **Partido Popular** (PP de G); **Marea Atlántica** e **Bloque Nacionalista Galego** (BNG), ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presentan a seguinte **moción sobre a Axenda Urbana da Coruña (AUAC 2030)**

Exposición de motivos

A Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible é un *plan de acción a favor das persoas, o planeta e a prosperidade*, adoptado polas Nacións Unidas que tamén ten a intención *de afortalar a paz e o acceso á xustiza*. A axenda fixa 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, con 169 metas de carácter integrado e indivisible que abranguen os eidos económico, social e ambiental.

Atendendo os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) establecidos polas Nacións Unidas e os Obxectivos Estratéxicos da Axenda Urbana española, a Axenda Urbana da Coruña (AUAC 2030) e o seu Plan Estratéxico de Acción Local (PEAL) deben trazar unha estratexia para deseñar o futuro da Coruña, integrando os distintos plans sectoriais e definindo un proxecto a longo prazo para a cidade.

Trátase, pois, dunha estratexia de cidade, que transcende o ámbito de competencia do goberno local e marca un horizonte temporal alén do actual e mesmo do vindeiro mandato. Por ese motivo debe elaborarse de xeito participativo, en diálogo co tecido social e propiciando as achegas de todos os grupos da Corporación municipal.

Esa foi a razón pola que o 3 de decembro de 2020 se adoptou un acordo plenario na que se establecía un método de lanzamento do proceso da Axenda Urbana da Coruña que aseguraba o diálogo e a



participación, co obxecto de propiciar que a Axenda Urbana da Coruña fose elaborada co maior consenso político e social posible.

Incomprensibelmente, o Goberno local optou por aprobar o contido do proxecto Axenda Urbana da Coruña (AUAC 2030) e do seu Plan Estratégico de Acción Local (PEAL) en Xunta de Goberno extraordinaria celebrada o 12 de setembro de 2022, saltándose os procedementos establecidos no acordo plenario do 3 de decembro de 2020 e eludindo o debate e a votación no Pleno.

O xeito de proceder do goberno local vulnera os dereitos da oposición e infrinxe un acordo plenario. Ademais, este xeito de proceder é contraditorio coa procura de que a Axenda Urbana da Coruña sexa froito do maior consenso político e social.

Por todo o devandito o **Pleno do Concello** adopta os seguintes:

ACORDOS

1.- Reprobar o xeito de proceder do Goberno local por vulnerar os dereitos da oposición, infrinxir un acordo plenario e dificultar que a Axenda Urbana da Coruña sexa froito do maior consenso político e social.

2.- Reconducir o proceso cara á aprobación definitiva da Axenda Urbana da Coruña conforme o establecido no acordo plenario do 3 de decembro de 2021.

3.- Con tal fin, constituír no prazo máximo dun mes a Comisión Especial para a Axenda Urbana da Coruña, coas seguintes funcións:

3.1.- Realizar o seguimento da execución da Estratexia DUSI da Coruña no marco do establecido no proxecto EidusCoruña e nos



acordos municipais adoptados no momento da súa aprobación, e incorporar as funcións da anterior Comisión Informativa Especial EDUSI.

3.2.- Diseñar a proposta definitiva da Axenda Urbana A Coruña 2030 e o seu correspondente Plan Estratéxico de Acción Local (PEAL), que se someterán a debate e aprobación, no seu caso, no Pleno da Corporación.

3.3.- Realizar o seguimento da implementación desta axenda urbana e do seu correspondente PEAL, así como das candidaturas que se poden realizar ao abeiro de convocatorias abertas durante o período de programación dos Fondos EIE 2021- 2027 e outras convocatorias que acheguen financiamento para a correcta execución da Axenda Urbana e/ou do PEAL.

4.- Encomendarlle á Xunta de Voceiros/as impulsar unha reforma urxente do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá (ROPC) que actualice a composición prevista para o Consello Social, coa vontade de reforzalo, facelo máis representativo da diversidade presente na sociedade da Coruña e máis útil para os obxectivos que se perseguen.

Unha vez que esta modificación sexa aprobada polo Pleno, a Comisión Especial para a Axenda Urbana da Coruña activará o Consello Social da Coruña como órgano de representación e participación cidadá no marco da Axenda Urbana A Coruña 2030 e do seu Plan Estratéxico de Acción Local.



A Coruña, 6 de outubro de 2022

Roberto Rodríguez Martínez
Viceportavoz do GM do Partido Popular

María García Gómez
Portavoz do GM da Marea Atlántica

Avia Veira González
Concelleira do GM do Bloque Nacionalista Galego

Á ALCALDESA- PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA